

PLAN ANUAL DE LECTURA Curso 20-21

ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA

Por décimo primeiro ano consecutivo formamos parte do **PLAMBE**. Este curso contamos cunha dotación económica específica de 1.300 euros destinada á compra de fondos bibliográficos.

Continuaremos coa catalogación dos fondos co programa Meiga, os novos que vaíamos adquirindo e os que conservamos despois de realizar o expurgo anual. Continuamos ca catalogación dalgúns fondos documentais e de consulta, así como libros da biblioteca do profesorado e os fondos do departamento de orientación.

Informarase ás familias (antigo alumnado, pais/nais, veciños...) da posibilidade de facer uso do fondo de libros da biblioteca de maneira telemática por mor da pandemia.

O proxecto das mochilas viaxeiras quedará, de momento, suspendida por mor da pandemia. Cando o equipo de biblioteca valore a posibilidade de darlle continuidade, porase en marcha dito proxecto.

Tamén neste curso queremos traballar conxuntamente cos outros equipos, á hora de programar as actividades para celebrar as conmemoracións, que serán de xeito telemático.

Continuaremos ca dinamización do blog en colaboración co EDLG

Tamén contamos con levar a cabo actividades encamiñadas a:

- Formación de usuarios. Con actividades relacionadas cos boletíns informativos, como as charlas telemáticas, que van impartir os responsables da BE na hora de ler, dinamización do blog, programas de radio para emitir en Radio Tui (no caso de concedernos o programa “Radio Escolar”, empregaríamos este tempo para emitir os programas),...

- Educación documental. Informaremos ao alumnado e a toda a comunidade educativa das posibilidades e uso dos diferentes fondos bibliográficos de consulta, consellos para un uso responsable de internet, enlaces á páxinas web de interese para os proxectos de aula e de centro, guías de lectura...

Esta información estará dispoñible no blog.

- Xestión técnica e organización procedendo ó rexistro informático dos fondos bibliográficos, audiovisuais e didácticos. Dinamización do **blog** da Biblioteca e de dinamización da L. galega, coa colaboración do equipo de responsables.

- Ampliación de servizos, ofertando dende a biblioteca catro ordenadores portátiles e dous de sobremesa con conexión á internet para ser utilizados polos responsables da biblioteca, e mestres. Este ano repartiremos as tablets unha por aula.
- Empregar os libros electrónicos para uso do alumnado dos cursos 5º e 6º na hora de ler., e para uso das familias.
- Actividades de animación á lectura, encamiñadas sobre todo a espertar o desexo de ler como desfrute e pracer e consolidar o hábito lector. Realizaremos actividades de contacontos interniveis e outras organizadas polo equipo de biblioteca para celebrar algunhas conmemoracións. Na hora de ler o equipo de responsables realizará sesións de contacontos dirixidas ao alumnado. Todas estas actividades serán de xeito telemático.
- Ó mesmo tempo continuaranse xestionando sesións de contacontos para todo o alumnado ofertadas polas editoriais, polo concello, por outras entidades ou polo propio centro, en streaming.
- Actividades lúdicas e festivas como “A feira do libro usado” para dar saída a algúns libros que forman parte do expurgo realizado queda pendente da situación da pandemia no mes de abril.

❖ PRÁCTICAS LECTORAS E ESCRITORAS POR CURSOS

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura as teremos en consideración á hora de traballar na aula e poder acadar os obxectivos propostos nos alumnos:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
 - b) Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
 - c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
 - d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
 - e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións da contorna.
- d) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer. Sempre cumprindo as normas de hixiene e protección recollidas no protocolo da biblioteca.

Para iso:

**ED. INFANTIL CONTRIBUCIÓN
AO PLANLECTOR:**

Os obxectivos que queremos acadar para contribuír ao plan lector son:

- Espertar o interese pola lectura desde a Educación Infantil, para o cal contamos coa chamada **HORA DE LER**: Todos os días temos 30 minutos despois do recreo para realizar actividades de animación a lectura. (Ben contándolles nós un conto ou “lendo” eles individualmente os contos da biblioteca de aula, visualizando un video onde se narra un conto, etc.)
- Promover o uso cotiá da biblioteca (sempre que sexa posible o seu uso) xa que ademais de ter a biblioteca de aula, acudiremos durante alomenos unha hora semanal á biblioteca de centro onde realizaremos o **SERVIZO DE PRÉSTAMO DE CONTOS** que cada alumno/a leva para a casa durante a fin de semana, buscamos libros de consulta sobre o proxecto que esteamos a traballar...
- **Implicar ás familias** do alumnado no proxecto lector. En determinados momentos do curso, as familias poderán enviar de forma telemática contos lidos por eles.
- Reescribir ou recrear algún conto motivador para o alumnado exercitando o proceso lectoescritor.

1º e 2º de E.P:

- “Hora de ler”. Á volta do recreo durante 30 minutos: contos, enciclopedias, revistas, libros monográficos relacionados cos proxectos. O alumnado escolle libremente os libros, da biblioteca de aula, de centro ou da casa.
- Lectura na aula por parte do profesor/a e/ou alumnado de distintos tipos de textos.
- Préstamos semanais de libros e material audiovisual da biblioteca do centro e realización da ficha correspondente. Sempre respetando as normas do protocolo de biblioteca.
- Achegamento aos textos narrativos e poéticos de autores clásicos e actuais a través da lectura, escritura e ilustración; así como creación de textos literarios propios.
- Sesións de Contacontos ofertadas por distintas entidades e organizadas pola biblioteca nas distintas conmemoracións.
- Dramatizacións de pequenos contos.
- Creación de xogos lingüísticos: mensaxes segredas, xeroglíficos, sopas de letras, encrucillados...
- Proxección das imaxes de contos para realizar actividades de interpretación e valoración das situacións expostas.

- Busca de información para os proxectos no fondo documental bibliográfico e multimedia.
- Uso das novas tecnoloxías para consultar enciclopedias, dicionarios e outros materiais de consulta na rede.
- Elaboración de resumos da información recollida empregando un procesador de textos.
- Interpretación de textos expositivos, co obxectivo de acadar coñecementos.
- Lectura de material complementario como libros, murais... que reforcenos contidos traballados.
- Lectura e resolución de problemas matemáticos con texto escrito e de forma oral, potenciando a comprensión e o cálculo mental.
- Lectura de notas informativas dirixidas ás familias.
- Emprego do caderno de recados para realizar prácticas de lectura e escritura necesarias para a súa organización diaria.
- Sesións de contacontos realizadas por alumnado de cursos superiores, na hora de ler.

3º e 4º de E.P

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Faise imprescindible incidir na mellora da competencia lectora a través de tarefas centradas nos seguintes eixes:

- Busca e selección de información para os proxectos no fondo documental bibliográfico e multimedia.
- Elaboración de textos propios a través da información atopada.
- Achegamento a través da lectura, escritura e ilustración aos textos narrativos e poéticos de autores clásicos e actuais así como creación de textos literarios propios.
- Dramatizacións de pequenos contos.
- Creación de xogos lingüísticos: mensaxes segredas, xeroglíficos, sopas de letras, encrucillados...

- Proxección das imaxes de contos para realizar actividades de interpretación e valoración das situación que se plantexan.
- Interpretación de textos expositivos, co obxectivo de a cadaar coñecementos
- Lectura de imaxes co fin de deducir información: Fotografías, planos, mapas...
- Lectura discontinua: Instrucións, prospectos, anuncios, boletíns informativos...

HORA DE LER E TEMPO DE BIBLIOTECA:

1. Hora de ler: Usaremos este tempo para realizar lecturas individuais de carácter silencioso, unhas veces, pero outras faremos lecturas colectivas. As lecturas serán de todo tipo:

- De textos diversos: descritivos, instrutivos, argumentativos, expositivos, formularios, gráficas, mapas, murais, notas informativas...
- De poemas curtos, refráns e contos.
- De textos en soporte dixital (Internet e aplicación informática, ~~edua~~ en pantalla)

Tamén, ás veces, uns nenos/as da aula poderán gravar lecturas de contos para outras clases ou lerlles algún conto, recitalles un poema e tamén ser receptores doutros lectores que veñen a facer o mesmo á nosa aula (apadriñamento lector), todo isto isto se fará de forma telemática por mor da pandemia.

O obxectivo desta hora é fomentar o gusto pola lectura e que esta poida formar parte do seu tempo de lecer como unha actividade cotiá.

2. Tempo da biblioteca (a utilizaremos cando as condicións sanitarias o permitan, mentres dure este tempo, as seguintes actividades se farán na biblioteca da aula).

No tempo de utilización da biblioteca, ademais de facer o servizo de préstamo, realizamos algunha actividade de formación de usuarios tales como:

- Emprego de marcadores para manter a biblioteca en orde.
- Uso do carné como acceso ao servizo de préstamo.
- Normas de comportamento no espazo da biblioteca.
- Recoñecemento das distintas partes que forman un libro.
- Lectura do texto para aprender a colocar os libros nas estanterías.
- Busca de libros que necesitemos para os proxectos e os traballos de aula.
- Fichas de lectura ou sesións de opinión sobre contos nas que expresen a súa opinión sobre os libros que levan.

Faise imprescindible incidir na mellora da competencia lectora a través de tarefas centradas nos seguintes eixes:

- Procura de información e elaboración de textos propios a través da información atopada.

- Lectura de imaxes co fin de deducir información: fotografías, planos, mapas...
- Lectura discontinua: instrucións, prospectos, anuncios, boletíns informativos...

As principais actividades para a mellora, están baseadas na habilidade de procura de datos e información de todo tipo, de cara a adquisición de novos contidos nos momentos de estudo.

5º e 6º de E.P:

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe e o seu dominio abre as portas a novos coñecementos. Unha deficiente aprendizaxe lectora e unha mala comprensión do que se le, abocan aos alumnos ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura. O fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só desde a área de Lingua Castelá e Literatura, senón a través das actividades específicas de todas as áreas. As sesións de lectura non deben orientarse, pois, como unha continuación da clase de Lingua Castelá e Literatura, senón tamén como a posta en práctica das súas ensinanzas e servirán para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno. Como ven sendo habitual, todo o alumnado do centro realiza vinte minutos de lectura diaria neste curso antes do recreo e que aparece nos horarios como “hora de ler” na que se traballa tanto a lectura individual en voz baixa como a colectiva en voz alta para traballar ambas modalidades. Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de traballar na aula, e deberán desenvolverse estratexias que lle faciliten ao alumno a súa consecución. A lectura debe ter en todas as áreas unha especial consideración, ppolo que ha de adicárselle un tratamento específico e un tempo axeitado. Neste senso xoga un papel moi

importante o uso da biblioteca do centro, da aula e o establecemento de plans de lectura coordinados para todos os cursos e áreas. O principal propósito do plan de lectura é formar lectores competentes, que adquiran as capacidades necesarias que lles permita seguir aprendendo ao longo da vida. A lectura debe servir para gozar, aprender e informarse, polo que se levarán a cabo unha serie de estratexias comúns que se poidan aplicar nas distintas áreas e niveis.

Os obxectivos que se pretenden lograr son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.

Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.

Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

As actividades irán encamiñadas a:

- Traballar estratexias de comprensión de textos de distintas tipoloxías.
- Establecer tempos adicados á lectura dirixida.
- Utilización de mapas conceptuais, esquemas, resumos, etc.
- Autoavaliación do grao de comprensión dun texto.
- Lectura pasiva.
- Actividades de animación á lectura.
- Presentación de libros en clase e entre clases.
- Xogos e concursos sobre libros de lectura.
- Uso sistemático da biblioteca do centro e de aula.
- Recomendacións lectoras.
- Traballo con portadas, murais relacionados coa lectura, etc.
- Hora diaria de lectura programada.
- Intercambio de libros entre compañeiros.
- Lectura en voz alta de fragmentos literarios.
- Recitación de textos poéticos.
- Lectura de textos en diferentes formatos.
- Escritura de adiviñas sobre a trama, personaxes, anécdotas, etc.
- Buscar información en libros, enciclopedias, webs...
- Dramatizar escenas.
- Participación en concursos literarios en castelán e galego.
- Participación do alumnado do grupo en todas as actividades relacionadas coa

MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA.